

# Programa de préstamos para a rehabilitación



XUNTA DE GALICIA

## Programa de préstamos para a rehabilitación

O Programa de Préstamos para a rehabilitación de edificios e vivendas está incluído no Plan RehaVta 2015-2020 **Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020**.

Este programa consiste nunha liña de préstamos, cuxos xuros poden ser subsidiados, para financiar a execución de obras de rehabilitación de edificios e vivendas situados en Galicia.

### AXUDAS

Os beneficiarios deste programa poderán acceder as seguintes axudas financeiras:

- Préstamos cualificados.
- Subsidiación dos xuros dos préstamos cualificados.

### PRÉSTAMOS

As condicións dos préstamos concedidos polas entidades de crédito no ámbito dos convenios asinados co Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) serán:

#### • Garantía persoal:

Importe máximo: custo total da obra co límite de 30.000 €

Tipo de xuro fixo: 5,25 %

Tipo de xuro variable:

Inicial (12 meses): 5,25%

Resto: Euribor a 1 ano + 4%

Sen comisións.

Prazo: de 6 a 96 meses

Prazo de carencia de capital 2 anos. Durante este período non pagarían capital.

#### • Garantía hipotecaria.

Importe máximo: custo total da obra co límite 60.000 €

Tipo de xuro fixo: 1,90 %

Tipo de xuro variable:

Inicial (24 meses): 1,75%

Resto: Euribor a 1 ano + 1,25%

Sen comisións (salvo por subrogación externa, que será do 0,50%; mínimo 300 €).

Prazo máximo 15 anos.

Prazo de carencia de capital 2 anos. Durante este período non pagarían capital

O importe do préstamo non poderá ser superior ao custe das obras.

### SUBSIDIACIÓN DE XUROS

En función dos ingresos dos solicitantes, o IGVS subsidiará os xuros dos préstamos segundo o seguinte cadro:

IPREM	SUBSIDIACIÓN MÁXIMA	DURACIÓN MÁXIMA
Menor ou igual a 4	100% dos xuros	48 meses
Máis de 4 e menos de 5,5	80% dos xuros	36 meses
Máis de 5,5 e menos de 6,5	Sen subsidiación	Duración do préstamo

### INGRESOS EN VECES IPREM SEGUNDO O NÚMERO DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR

NÚMERO DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR	4 IPREM	5,5 IPREM	6,5 IPREM
1 membro	30.078,36 €	41.357,75 €	48.877,34 €
2 membros	33.420,40 €	45.953,06 €	54.308,16 €
3 membros	37.597,95 €	51.697,19 €	61.096,68 €
4 membros	40.104,48 €	55.143,67 €	65.169,79 €
5 membros	42.969,09 €	59.082,50 €	69.824,77 €

### OBRAS FINANCIABLES

As obras financiáveis son as seguintes (máis detalles no anexo II da Orde do 19/09/2016, DOG do 23-9-2016)

- Obras de adecuación estrutural e construtiva, de adecuación das condicións de habitabilidade do edificio ou da vivenda e de mellora de eficiencia enerxética. Obras de conservación dos edificios.
- Obras de adecuación dos edificios ou das vivendas e os seus accesos á normativa vixente sobre accesibilidade.
- Obras de adecuación do acabado xeral do edificio e das vivendas aos principios da boa construción.
- Obras de remate en edificacións cuxos paramentos de fachada ou cubertas, non se remataron no momento da construción do edificio (neste suposto deberá xustificarse que a vivenda ten una antigüidade mínima de 10 anos e que foi habitada durante un mínimo de 5 anos).

As obras non poderán estar comezadas antes de presentar a solicitude das axudas no IGVS.

### PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán beneficiarse das axudas deste programa as persoas físicas seguintes:

- As que promovan as actuacións de rehabilitación, xa sexan propietarias ou teñan calquera outro título que acredite a posesión do inmovible.
- No caso de actuacións promovidas por comunidades de propietarios só poderán ser beneficiarias as persoas que sexan membros da dita comunidade e en función da súa porcentaxe de participación nas obras.
- No suposto de que unha vivenda ou un edificio pertenza pro indiviso a varias persoas e as actuacións sexan promovidas por estas, só poderá ter a condición de beneficiaria destas axudas unha soa delas.

Non poderán beneficiarse destas axudas as persoas propietarias de locais, agás no caso en que se pretenda a súa conversión en vivenda.

As persoas beneficiarias dos préstamos deberán ter ingresos que non superen 6,5 veces o IpreM. Para acceder á subsidiación de xuros os límites de ingresos é de 5,5 veces o IpreM, tal como se indica no apartado correspondente.

## TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA

As persoas interesadas deberán dirixir a súa solicitude ao IGVS - Dirección Técnica de Fomento. Unha vez emitida a pertinente resolución polo IGVS deberán dirixirse á entidade financeira da súa elección entre as que asinaron o convenio de financiamento co IGVS, para tramitar e formalizar o préstamo. As entidades son Abanca, Banco Sabadell, Caixa Rural Galega, CaixaBank e outras que poidan adherirse ao convenio.

As entidades financeiras avaliarán os riscos da unidade de convivencia da persoa beneficiaria para os efectos de conceder o correspondente préstamo. A denegación do financiamento non dará dereito a ningún tipo de indemnización.

No caso de actuacións promovidas por comunidades de propietarios as resolucións de financiamento serán individuais para cada persoa propietaria dunha vivenda no inmovible, e en consecuencia, os préstamos serán formalizados individualmente por cada propietario en atención á súa porcentaxe de participación nas obras.

### Máis información:

#### IGVS Santiago de Compostela

Área Central. Polígono de Fontiñas  
981 541 981 / 981 957 529 / 981 541 982

#### IGVS A Coruña

Rúa Vicente Ferrer, 2-9º  
884 881 096

#### IGVS Pontevedra

Rúa Alcalde Hevia, 7  
986 805 611 / 986 805 610

#### IGVS Lugo

Avenida Ramón Ferreiro, 28  
982 294 602

#### IGVS Ourense

Rúa Antonio Sáen Díez, 1  
988 386 268

[www.igvs.es](http://www.igvs.es)